

PRINCIPAIS NOVIDADES DO NOVO PACTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL ESTATUTARIO TEMPORAL DO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA		
I. NORMAS XERAIS		
ÁMBITO DE APLICACIÓN	Todas as categorías de persoal estatutario, incluído o persoal licenciado sanitario de atención hospitalaria	
VIXENCIA	Ata o 31 de decembro de 2030	
ENTRADA EN VIGOR	Aos 20 días da súa publicación no DOG, salvo os puntos que impliquen un desenvolvemento técnico , como é o caso do procedemento xeral telemático.	
RÉXIME TRANSITORIO	A xeración e xestión das listas con data de corte do ano 2025 serán reguladas segundo as normas dos pactos antigos (pactos dos anos 2016 e 2018). A xeración e xestión das listas con data de corte do ano 2026 e posteriores serán reguladas segundo as normas deste novo pacto .	
II. SELECCIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES		
REQUISITOS	Nacionalidade	- Exención do requisito de nacionalidade nas categorías profesionais de licenciado/a sanitario/a e diplomado/a sanitario/a
	Idade	- Posibilidade de prorrogar a permanencia na lista máis ala da idade de xubilación forzosa .
	Protección xurídica do/da menor	Para o exercicio de actividades que impliquen contacto habitual con persoas menores de idade, non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual .
PROMOCIÓN PROFESIONAL	- Elimínase o requisito de 1 ano de permanencia como persoal estatutario fixo. - Acláranse os criterios de cambio de quenda . - Habilitase un sistema diferenciado de acceso de promoción profesional para o persoal que acredite discapacidade intelectual .	
QUENDAS DE ACCESO E DISPOÑIBILIDADE	Discapacidade intelectual	- Compromiso de crear listas de discapacidade intelectual naquelas categorías nas que se tivese convocado un proceso de selección fixa con esta quenda de acceso. - Creación de listas de ámbito autonómico , con elección de distritos preferentes , con acceso libre e de promoción profesional , para as persoas con discapacidade intelectual .
BAREMO	- Regulación da proba teórica e/ou práctica para as categorías de persoal de xestión e servizos dos subgrupos A1 e A2 sen titulación académica específica de acceso. Ademais estarán exentas de dita proba as persoas que resultasen aptas polo menos nunha fase oposición dun dos dous últimos procesos selectivos da categoría	
ELABORACIÓN DE LISTAS	- Nas categorías con requisito de acceso de especialidade sanitaria os requisitos irán referidos ao 30 de xuño e os méritos a 15 de xuño . - Nos cambios de distrito por causa sobrevida relacionada coa conciliación da vida familiar e laboral , posibilidade de renunciar sen penalización ao vínculo de orixe.	
ÁREAS ESPECIAIS	• Amplíase a cobertura de 60 días a 180 días. • Creación de novas áreas especiais: ◦ <u>Enfermeiro/a</u>: banco de sangue. ◦ <u>TCAE</u>: unidades de endoscopia, hemodiálise, prematuros-neonatos, UCI pediátrica, UCI-Reanimación-Queimados e urxencias. ◦ <u>Técnico/a superior en imaxe para o diagnóstico</u>: unidade de TAC e unidade de resonancia magnética. ◦ <u>Técnico/a superior en laboratorio de diagnóstico clínico</u>: banco de sangue. ◦ <u>Celador</u>: críticos e saúde mental. • Para entrar en área especial tamén se admite acreditar unha experiencia profesional mínima de 120 días en institucións privadas concertadas.	

III. XESTIÓN DE CHAMAMENTOS

PROCEDIMENTO TELEMÁTICO	Procedemento prioritario para as ofertas de longa duración e bloques de vacacións. Implantación progresiva.	
	Novo módulo específico de contratación telemática	- Dentro do FIDES/expedient-e. - Acceso con Chave365 ou certificado dixital.
	Quen pode participar? - As persoas dispoñibles e admitidas nas listas de contratación. - As persoas non admitidas na lista vixente coa súa inscrición validada ou confirmada rexistrada e coa súa titulación de acceso validada. Que recibirán os primeiros dispoñibles cando haxa oferta para a súa categoría/especialidade? - Comunicación previa vía SMS e/ou correo electrónico. - Enlace ó módulo de contratación telemática. - Posibilidade de segundo aviso, antes da adxudicación, se hai contratos non seleccionados por ningún aspirante.	
	Tramo de visualización e adxudicación da oferta de contratación	• <u>Visualización Longa duración e bloque de vacacións</u>: como mínimo durante os 5 días anteriores á data de adxudicación. • <u>Visualización Resto de contratos</u>: dende as 17:00 horas do día anterior á data de adxudicación. • <u>Adxudicación</u>: de luns a venres entre as 9:01 e as 10:00 horas.
	Funcionamento: 1. Actuación do aspirante: - Seleccionar o/s nomeamento/s que lle interesen por orde de preferencia. - Pode seleccionar un, varios ou ningún. - Quedará trazabilidade da súa selección. - De facer varias modificacións no formulario de selección, tomarase en conta a última efectuada. 2. Finalizado o tramo de visualización e selección: - Adxudicación automatizada entre os participantes en función da súa selección e orde de posición na lista. 3. Todas as persoas adxudicatarias recibirán: - Confirmación de tal circunstancia e enlace para a visualización do nomeamento temporal asignado. - Indicación coa data, hora e lugar onde debe presentarse para o inicio da prestación de servizos.	
	Penalización	- A falta de selección de todas ou parte das ofertas NON dará lugar a ningún tipo de penalización. - O/a aspirante que resultando adxudicatario dun nomeamento non se incorpore SI será penalizado.

III. XESTIÓN DE CHAMAMENTOS

PROCEDEMENTO TELEFÓNICO SUBSIDIARIO DO TELEMÁTICO	Utilizarase nos seguintes casos: - Se quedan ofertas de nomeamentos sen adxudicar ó remate do procedemento telemático e non fose posible incluílas no seguinte ciclo de contratación telemática ou non se estime efectivo. Dúas chamadas por persoa aspirante. Procurarase un intervalo entre elas non inferior a 10 min.
EXCEPCIÓNS AO PROCEDEMENTO TELEMÁTICO (CHAMAMENTO TELEFÓNICO)	- Por imposibilidade técnica ou circunstancias sobrevidas que imposibiliten a utilización da contratación telemática. - Cando, aínda estando operativo o procedemento telemático, a data de inicio dos contratos impide a súa incorporación ao mesmo e/ou exista unha situación puntual e anómala debidamente xustificada. - Cobertura de nomeamentos de curta duración (pool). - Cobertura de prazas reservadas á quenda de discapacidade intelectual (neste suposto a oferta de prazas efectuarase cunha antelación mínima de 7 días ao inicio do vínculo e o intervalo entre chamadas non será inferior a 30 minutos).

III. XESTIÓN DE CHAMAMENTOS		
LISTAS DE ÁMBITO AUTONÓMICO	As persoas vinculadas nun distrito seleccionado como preferente poderán resultar adxudicatarias dos vínculos de LD que xurdan noutro distrito preferente . No suposto de renuncia, queda como indispoñible para sucesivas ofertas nese distrito ata a finalización do seu vínculo.	
LISTAS COMPATIBLES	Se a persoa renuncia a un nomeamento de longa duración na outra categoría de inscrición, permanecerá como indispoñible para sucesivos nomeamentos deste tipo ata a finalización do seu vínculo.	
ÁREAS ESPECIAIS	- Contratación ordinaria por lista xeral para ofertas de duración previsible superior a 180 días. - Suposto de indispoñibilidade de aspirantes dentro da área especial: 1º) De non existir aspirantes dispoñibles nas listas definitivas dunha área especial, acudirase en primeiro lugar a aqueles/as aspirantes inscritos/as nas listas da respectiva categoría que solicitaron e superaron a formación da área especial con posterioridade ou teñan acreditada unha experiencia profesional mínima. Neste suposto será a propia persoa aspirante a que debe solicitar a súa inclusión neste listado intermedio. 2º) De non existir tampouco aspirantes, ofertarase a través da lista xeral.	
MELLORA DE VINCULACIÓN	Elimínase a mellora por interinidade en praza vacante. Agora só existe a posibilidade de mellora de vinculación de curta duración a longa duración .	
INDISPOÑIBILIDADE TRANSITORIA DE ASPIRANTES	Deberá procederse segundo a seguinte orde: 1º- Se a oferta é inferior a 3 meses: acudirase aos titulares da lista de nomeamentos de curta duración (pool) . 2º- Se a oferta é inferior a 60 días: acudirase aos aspirantes da quenda de promoción profesional . 3º- Aspirantes do distrito inscritos con posterioridade a data límite de inscrición das listas en vigor (fóra de lista). Inclúense novos criterios de desempate para estes aspirantes. 4º- Distritos de xestión máis próximos (distritos limítrofes) . 5º- Listas subsidiarias. 6º- Aspirantes que dispoñan da titulación académica requirida.	
SUSPENSIÓN DE CHAMAMENTOS	Réxime Xeral	A suspensión de chamamentos é por categoría , podendo figurar de alta na lista dunha categoría e en suspensión de chamamentos na lista doutra categoría compatible - Non é preciso alegar a causa. - Implica unha demora na reactivación. - Pode limitarse temporalmente en caso de indispoñibilidade de aspirantes.
	Réxime de reactivación automática	A) Co alcance e duración indicado na normativa vixente : - Falecemento. - Hospitalización por enfermidade grave. - Cumprimento dun deber inescusable. - Consulta médica nun centro de atención especializada do SERGAS. - Concorrenza a exames oficiais. - Matrimonio ou unión de feito. B) Ata a alta médica derivada da hospitalización: - Hospitalización por enfermidade grave da persoa aspirante.

IV. RÉXIME DE PENALIZACIÓNS	
REGULACIÓN	Regúlanse os prazos de exclusión de listas e o procedemento de reincorporación
PRAZOS DE EXCLUSIÓN	- Por renuncia a un nomeamento: <u>1 ano</u> (a <u>suma de tres</u> penalizacións implica exclusión indefinida). - Pola non superación do período de proba: <u>2 anos</u> (a <u>suma de tres</u> penalizacións implica exclusión indefinida). - Por incumprimento grave: <u>6 anos</u> (a <u>suma de dúas</u> penalizacións implica exclusión indefinida). - Por incumprimento moi grave ou penal: <u>indefinida</u>.
REINCORPORACIÓN EN LISTAS TRAS EXCLUSIÓN	- Por renuncia a un nomeamento: non se admite <u>antes</u> do ano. <u>Transcorrido o ano</u> a reincorporación é automática. <u>A reincorporación tras sumar tres penalizacións</u> implica estimación na comisión central de seguimento do Pacto e nova inscrición da persoa aspirante. - Pola non superación do período de proba: reincorporarse <u>antes</u> dos dous anos implica estimación na comisión central de seguimento do Pacto e nova inscrición da persoa aspirante. <u>Transcorridos os dous anos</u> volver implica nova inscrición. <u>A reincorporación tras sumar tres penalizacións</u> non se admite. - Por incumprimento grave: reincorporarse <u>antes</u> dos seis anos implica estimación na comisión central de seguimento do Pacto e nova inscrición da persoa aspirante. <u>Transcorridos os seis anos</u> volver implica nova inscrición. <u>A reincorporación tras sumar dúas penalizacións</u> non se admite. - Por incumprimento moi grave ou penal: non se admite.
EXCEPCIÓNS AO RÉXIME DE PENALIZACIÓNS	A persoa vinculada por un nomeamento inferior a un ano á que se lle oferte un vínculo de duración previsible igual ou superior a un ano poderá renunciar a este sen penalización , permanecendo como indisponíble para sucesivas ofertas deste tipo ata a finalización do seu vínculo actual .
EXTENSIÓN DE EFECTOS	O réxime de penalizacións e suspensión tamén será aplicable ao persoal de "fóra de lista" .

V. SELECCIÓN DE PERSOAL ESTATUTARIO TEMPORAL LICENCIADO SANITARIO DE ATENCIÓN HOSPITALARIA	
ÁMBITO TERRITORIAL DE ÁREA E OFERTA POR DISTRITO	As listas deste persoal pasan a ter ámbito territorial de inscrición de área sanitaria (antes ámbito autonómico). Os contratos de vinculación temporal ofertados a este persoal virán desagregados por distrito sanitario .
DÚAS QUENDAS DE ACCESO	As listas destas categorías/especialidades disporán de dúas quendas de acceso: quenda libre e quenda de promoción profesional (no anterior pacto só existía a quenda libre).
BAREMO	Equiparase o baremo deste persoal ao do resto de categorías estatutarias, pasando a valorar a nota OPE ata un máximo de 60 puntos (no anterior pacto a puntuación da nota OPE estaba limitada a un máximo de 24 puntos).
INDISPOÑIBILIDADE TRANSITORIA DE ASPIRANTES	Deberá procederse segundo a seguinte orde: 1º- Se a oferta é inferior a 60 días: acudirase aos aspirantes da quenda de promoción profesional . 2º- Aspirantes da área sanitaria inscritos con posterioridade a data límite de inscrición das listas en vigor (fóra de lista). Inclúense novos criterios de desempate para estes aspirantes. 3º- Áreas de xestión máis próximos (áreas limítrofes) . 4º- Listas subsidiarias. 5º- Aspirantes que dispoñan da titulación académica requirida.
OFERTAS DE LONGA DURACIÓN ENTRE DISTRITOS DA ÁREA DE INSCRICIÓN	Ás persoas vinculadas nun distrito da área sanitaria de inscrición ofertaráselles os vínculos de longa duración doutro distrito desa área de inscrición . No suposto de renunciar a un nomeamento de longa duración noutro distrito desa área sanitaria de inscrición, permanecerá como indispoñible neste distrito para sucesivos nomeamentos ata a finalización do seu vínculo.
OFERTAS CANDO ESTOU VINCULADO NUN DISTRITO DISTINTO AO DA ÁREA DE INSCRICIÓN	Ás persoas vinculadas nun distrito distinto da área sanitaria de inscrición ofertaráselles todos os vínculos da área sanitaria de inscrición. Neste suposto, a renuncia a un nomeamento de curta ou longa duración nun distrito da área sanitaria de inscrición implicará a súa indispoñibilidade neste distrito para todo tipo de nomeamentos sucesivos ata a finalización do seu vínculo.
RÉXIME TRANSITORIO: DE LISTA DE ÁMBITO AUTONÓMICO A LISTA DE ÁMBITO ÁREA SANITARIA	• Tras a publicación no ano 2026 da lista definitiva desta categoría (conforme ao Pacto do ano 2018) e ata o 30 de setembro do ano 2026: inscrición en estado editable para indicar unha única área sanitaria da súa elección para prestar servizos. • No suposto de que neste prazo non se seleccione ningunha área sanitaria: regúlase o modo de proceder en función dos distritos que teña seleccionados na súa antiga inscrición.

ANEXO I. LISTAS COMPATIBLES	
PERSOAL CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL ACREDITADA	Créanse listas independentes de persoal con discapacidade intelectual , de tal xeito que todas estas listas serán compatibles entre si e incompatibles co resto.
ANEXO II. CATEGORÍAS SUBSIDIARIAS	
NOVO BLOQUE	Será subsidiaria da categoría de médico/a de hospitalización a domicilio a categoría de médico/a de urxencias hospitalarias e a de facultativo/a especialista de área de medicina interna .
ANEXO III. ACORDOS INTERPRETATIVOS	
ALTERNANCIA LIBRE E PROMOCIÓN INTERNA	A quenda do último contrato adxudicado será a que indique o inicio da alternancia para os próximos contratos a adxudicar.
PRIORIZACIÓN DAS LISTAS DE ENFERMEIRO/A ESPECIALISTA	Para os nomeamentos de enfermeiro naqueles ámbitos funcionais nos que exista especialidade , os chamamentos realizaranse a favor das persoas aspirantes admitidas nas listas viventes de enfermeiro/a especialista desa especialidade .
RENUNCIA SEN PENALIZACIÓN POR CAMBIO DE CATEGORÍA	No caso de cambio de categoría, a persoa vinculada na antiga categoría que o manifeste por escrito no prazo dun mes desde a entrada en vigor da nova lista, será chamado para calquera vinculación que xurda na nova categoría .
ANEXO IV. DISTRITOS LÍMITROFES	
Indicación de todos os distritos limítrofes a cada un dos 14 distritos sanitarios.	
ANEXO V. ÁREAS LÍMITROFES AO DISTRITO SANITARIO ONDE XURDE A OFERTA	
Indicación das áreas sanitarias limítrofes ao distrito sanitario onde xurde a oferta.	
ANEXO VI. INDICACIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL E A DATA DE CORTE DE TODAS AS LISTAS	
Indicación do ámbito territorial de cada unha das categorías estatutarias con lista de selección temporal en vigor, explicando en cada unha delas a súa data de corte para requisitos e méritos .	